1- Información general

O Club Btt Carral xunto co Concello de Carral ,organizan a III Ruta BTT de Carral , marcha-cicloturista federada, non competitiva e de velocidade libre.
Tódolos participantes teran un agasallo e sorteos .

2- Fecha e lugar

A III Ruta Btt de Carral tera lugar o domingo 17 de xuño de 2018 , saída e chegada no Campo da Feira de Carral. A hora da saída será as 9:30.

3- Distancia

Contaremos con dous percorridos :
50 km aprox. e 1500 metros de desnivel positivo .
35 km aprox. e 1200 metros de desnivel positivo.

4- Recollida de dorsais e horarios

A organización facilitará un dorsal así como os medios para que estea visible durante toda a proba. A entrega de dorsais terá lugar en DECATHLON OLEIROS o vernes dia 15 de xuño , sábado 16 de xuño , e no CAMPO DA FEIRA o mesmo dia da proba de 8:00 a 9:00 .
A recollida de dorsais farase de maneira individual e prensentado o DNI será imprescindible a presentación do documento.

5- Inscrición

A inscrición é pagos farase na plataforma **prueba-t** o custo de dita incrisción e de 6 euros pra federados,11 euros carnet ciclista, e 16 euros non federados , é incluirá avituallamiento sólido e líquido , servizo de duchas e lavado de bicicletas , servizo de ambulancia , servizo de recollida en caso de avaría, seguro R.C. , seguro de Asistencia Sanitaria.
Só serán considerados participantes , aqueles que realicen a inscrición correctamente e leven o dorsal visible en todo momento .A inscrición quedara limitada a 300 participantes . As inscricións abriranse o día 11 maio ata o 11 xuño.

6- Participación

Os participantes maiores de 15 anos e menores de 18 deberán aportar autorización do pai /nai/titor no momento da recollida do dorsal así como acreditar que o acompaña un adulto que se responsabilizará de el en todo momento durante o percorrido.

7- Percorrido

O percorrido da proba transcorre na súa parte por camiños rurais, forestais e de monte polo Concello de Carral , existindo cruces con tramos de estradas , que se atopan abertos ó trafico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes , respetando as normas de circulación contidas na lei de Seguridade Vial e no Regulamento Xeral de Circulación.

Esta proba deportiva DESENVOLVERASE CON TRÁFICO ABERTO, polo que os participantes deberán observaar e respetar as normas que rexen para ciclistas no Regulamento de Circulación da Direccioón Xeral de Tráfico .Contaremos coa policía local e coa agrupación de voluntarios de Protección Civil de Carral nos cruces e puntos máis complicados do percorrido .
O emprego de casco é obrigatorio , e non levalo implica a retirada do dorsal e da ruta . A organización non se fai responsable dos accidentes dos participantes , así como os danos que estes pudieran ocasionar durante a realización da marcha.
A organización non se fará cargo de ningún custe ocasionado por avarías mecánicas xurdidas como consecuencia da participación na proba.
A organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido , quilometraxe e data da proba.

8- Lei Orgánica de protección de Datos

A organización garante o pleno cumprimento da LOPD, o inscrito queda informado e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos ós ficheros existentes na Organización o tratamento dos mesmos para a utilización en relación con xestións administrativas ou comerciais , Así mesmo , coa inscrición dá por feito que acepta as imaxes nas que apareza durante a celebración da proba e os seus momentos previos e posteriores poda ser utilizada pola organización.O inscrito pode exercer o su dereito , mediante escrito dirixida a organización .Ó acceso , rectificación ou cancelación dos datos referidos con anterioridade.

O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento.